

NORMATIVA QUE REXERÁ O CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS PROGRAMADO PARA O ENTROIDO 2026 NO CONCELLO DE PONTEDEUME

Con motivo da celebración do concurso de disfraces de adultos que desenvolve o Concello de Pontedeume, dentro das actividades do Entroido 2026, establécese a presente normativa de participación que rexerá o dito evento.

I. Participación

- Para poder participar e optar aos premios, terase que cubrir a solicitude de inscrición (todos os seus apartados) o mesmo día e no lugar do concurso, dende as 22.30 h ata as 23.45 h do sábado 14 de febreiro de 2026.
- Poderán participar as persoas maiores de catorce anos.
- Poderase participar, sempre que se cumpra esta normativa, nas categorías que se establecen no punto III.
- As persoas participantes terán que subir ao palco para que o xurado poida puntuar os disfraces.

II. Lugar e data de participación

O Concurso de disfraces de adultos terá lugar na praza Real do Concello de Pontedeume dende as 00.00 h ata as 01.00 h aproximadamente da noite do día 14 de febreiro do 2026.

III. Categorías

- Os disfraces participantes poderán inscribirse nas seguintes categorías dependendo do número de participantes do grupo:
 - Individual/dúo, formada por unha ou dúas persoas.
 - Tríu/cuarteto, formado por tres, catro ou cinco persoas.
 - Grupal. Grupo formado por máis de cinco persoas.
- Os disfraces que participen nunha categoría non poderán participar en ningunha outra.

IV. Premios económicos de participación

- Os premios serán os seguintes:

Categoría individual/dúo (unha ou dúas persoas)

1º Premio:	150 €
2º Premio:	100 €
3º Premio:	50 €

Categoría tríu/cuarteto (de tres, catro ou cinco persoas)

1º Premio:	200 €
2º Premio:	150 €
3º Premio:	100 €

Categoría grupal (mínimo seis persoas)

1º Premio:	400 €
2º Premio:	200 €
3º Premio:	100 €

- O aboamento do premio económico de participación ás persoas gañadoras do concurso realizarase ao finalizar o mesmo.
- Para o aboamento deberán presentar:
 - Fotocopia do DNI da persoa participante individual ou representante do grupo.
 - No caso de grupo de tres ou máis persoas deberá presentarse documento asinado por todas as persoas participantes indicando o seu DNI e acreditando a súa conformidade coa elección da persoa que representa o grupo, e a modalidade de pagamento.

V. Desenvolvemento do Concurso

- A inscrición implica coñecer e aceptar esta normativa.
- A orde de participación será por orde de inscrición.
- O incumprimento dalgun dos puntos desta normativa implica a descualificación e baixa no Concurso.

VI. O xurado

- Estará formado por tres persoas colaboradoras co departamento de cultura.
- Terá a potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso,
- Valorará o disfraz no seu conxunto e a posta en escena: o traballo do disfraz, a beleza do mesmo, orixinalidade, simpatía na súa presentación, se vai acompañado dalgunha representación, se o acompañan outros complementos, se incorpora música, etc.
- Os premios poderán quedar desertos se o xurado o estima oportuno.
- A decisión do xurado é inapelable.

Pontedeume, 21 de xaneiro de 2026